

ACTA

Expediente nº:	Órgano Colexiado:
JGL/2026/19	A Xunta de Goberno Local

DATOS DE CELEBRACIÓN DA SESIÓN	
Tipo Convocatoria	Ordinaria
Data	08 de maio de 2026
Duración	Dende as 10:00 ata as 10:20 horas
Lugar	Sala de Reunións
Presidida por	Paula Mª Fernández Pena
Secretaria	Déborah García Suárez
Interventor	Leopoldo Moure Dopico

ASISTENCIA A SESIÓN	
Nome e Apelidos	Asiste
Estefanía Taín Surribas	SÍ
Manuel Requeijo Rey	SÍ
María Asunción García Hernández	SÍ
Mónica González Conde	NON

Unha vez verificada pola Secretaría a válida constitución do órgano, a Presidenta abre sesión, procedendo a deliberación sobre os asuntos incluídos na Orden do Día

A) PARTE RESOLUTIVA**Aprobación da acta da sesión anterior: 24.04.2026****Concello de Silleda**

Rúa Progreso, 41, Silleda. 36540 (Pontevedra). Tfno. 986580000. Fax: 986581021

Favorable**Tipo de votación:** Unanimidade/Asentimento

A Xunta de Goberno Local, por unanimidade, acorda prestar aprobación á seguinte Acta: - 24 de abril de 2026.

Expediente 721/2026. Solicitud de Axuda de Emerxencia Social**Favorable****Tipo de votación:** Unanimidade/Asentimento

Visto o informe da traballadora social con data 5 de maio, no que se pon de manifesto a necesidade de prestar apoio económico a unha familia usuaria de Servizos Sociais residente no noso concello que se atopa en situación de vulnerabilidade social e solicita o apoio económico para sufragar o custo da reparación do motor do pozo da auga.

Polo exposto, a Xunta de Goberno Local, ao abeiro das atribucións delegadas pola Alcaldesa na resolución do 31 de Xaneiro de 2024, e visto o disposto na Ordenanza Reguladora da presente axuda, **ACORDA:**

Primeiro.- Conceder en concepto de axuda de emerxencia social a axuda para a reparación do motor da auga a Dona M^a José Rozas Taboada

Segundo.- Aprobar o pago delegado, con cargo á aplicación orzamentaria correspondente, a:

- Instalaciones Couto, S.C., con número de factura 2026/0036 e importe 79,07€

Terceiro.- Comunicar á persoa interesada a concesión da axuda.

Cuarto.- Dar conta do presente acordo ao departamento de intervención para que efectúe os pagos da axuda concedida.

Expediente 722/2026. Solicitud de Axuda de Emerxencia Social**Favorable****Tipo de votación:** Unanimidade/Asentimento

Visto o informe da traballadora social con data 05 de maio, no que se pon de manifesto a necesidade de prestar apoio económico a unha familia usuaria de Servizos Sociais residente no noso concello que se atopa en situación de vulnerabilidade social e solicita o apoio económico para sufragar o custo da adquisición de produtos básicos de alimentación.

Polo exposto, a Xunta de Goberno Local, ao abeiro das atribucións delegadas pola Alcaldesa na resolución do 31 de Xaneiro de 2024, e visto o disposto na Ordenanza Reguladora da presente axuda, **ACORDA:**

Primeiro.- Conceder en concepto de axuda de emerxencia social a axuda na adquisición de produtos básicos de alimentación a Dona Andrea Élide López Landín

Segundo.- Aprobar o pago delegado, con cargo á aplicación presupostaria correspondente, a:

- Vego Supermercados S.A.U. con número de factura 04000009 e importe 59,65€

Terceiro.- Comunicar á persoa interesada a concesión da axuda.

Cuarto.- Dar conta do presente acordo ao departamento de intervención para que efectúe os pagos da axuda concedida.

Expediente 723/2026. Solicitud de Axuda de Emerxencia Social

Favorable

Tipo de votación: Unanimidade/Asentimento

Visto o informe da traballadora social con data 05 de maio, no que se pon de manifesto a necesidade de prestar apoio económico a unha familia usuaria de Servizos Sociais residente no noso concello que se atopa en situación de vulnerabilidade social e solicita o apoio económico para sufragar a débeda de aluguer e suministros.

Polo exposto, a Xunta de Goberno Local, ao abeiro das atribucións delegadas pola Alcaldesa na resolución do 31 de Xaneiro de 2024, e visto o disposto na Ordenanza Reguladora da presente axuda, **ACORDA:**

Primeiro.- Conceder en concepto de axuda de emerxencia social a axuda para o pago da débeda de aluguer e suministros a Don José Daniel Ledezma Capote

Segundo.- Aprobar o pago delegado, con cargo á aplicación presupostaria correspondente, a:

- Don Manuel Caramés Rozados, arrendador da vivenda, por un importe de 420,13€

Terceiro.- Comunicar á persoa interesada a concesión da axuda.

Cuarto.- Dar conta do presente acordo ao departamento de intervención para que efectúe os pagos da axuda concedida.

Expediente 726/2026. Solicitud de Axuda de Emerxencia Social

Favorable

Tipo de votación: Unanimidade/Asentimento

Visto o informe da traballadora social con data 06 de maio, no que se pon de manifesto a necesidade de prestar apoio económico a unha familia usuaria de Servizos Sociais residente no noso concello que se atopa en situación de vulnerabilidade social e solicita o apoio económico para sufragar a débeda de aluguer e suministros.

Polo exposto, a Xunta de Goberno Local, ao abeiro das atribucións delegadas pola Alcaldesa na resolución do 31 de Xaneiro de 2024, e visto o disposto na Ordenanza Reguladora da presente axuda, **ACORDA:**

Primeiro.- Conceder en concepto de axuda de emerxencia social a axuda para a atención médica urxente e posterior tratamento a Don Oussama Benatmane

Segundo.- Aprobar o pago delegado, con cargo á aplicación presupostaria correspondente, a:

- Eurotaxi Silleda 9 plazas 24 horas., con número de factura 06/26 e importe 125€
- Farmacia Taboada Mella, con número de factura 2026/0004 e importe 15,42€

Terceiro.- Comunicar á persoa interesada a concesión da axuda.

Cuarto.- Dar conta do presente acordo ao departamento de intervención para que efectúe os pagos da axuda concedida.

Expediente 639/2026. Convocatoria e aprobación das Bases para a selección de dúas persoas para o acondicionamento, limpeza e atención dos espazos naturais forestais e históricos para o ano 2026.

Favorable

Tipo de votación: Unanimidade/Asentimento

Visto que O Concello de Silleda obtivo resolución favorable no expediente TR351G-2026-00000002-05, polo que se lle concede unha subvención por importe de 33.910,06€ para a contratación de 2 persoas traballadoras desempregadas (peóns forestais), para a realización do proxecto “EQUIPO PARA ACONDICIONAMENTO, LIMPEZA E ATENCIÓN DOS ESPAZOS NATURAIS E FORESTAIS HISTÓRICOS”, ao abeiro da ORDE do 22 de xaneiro de 2026 pola que se establecen as bases que regulan as subvencións para o fomento do emprego no medio rural, programa Galicia Suma Talento: Rural Activo, e se procede á súa convocatoria para o ano 2026 (código de procedemento TR351G) segundo a seguinte desagregación:

Ocupación: peón forestal

Duración do contrato: 9 meses a xornada completa

Grupo de Cotización: 10

Modalidade contratual: contrato de traballo vinculado a programas de políticas activas de emprego.

Vista a necesidade de contratar a dúas (2) persoas para o ACONDICIONAMENTO, LIMPEZA E ATENCIÓN DOS ESPAZOS NATURAIS FORESTAIS E HISTÓRICOS.

Por todo o exposto, a Xunta de Goberno Local, ao abeiro das atribucións delegadas pola Alcaldesa na resolución do 31 de xaneiro de 2024, **ACORDA:**

Primeiro: Proceder á convocatoria e aprobación das Bases que a continuación se transcriben como Anexo, para a selección de dúas persoas para o acondicionamento, limpeza e atención dos espazos naturais forestais e históricos para o ano 2026, a xornada completa, mediante a modalidade contrato de traballo vinculado a programas de políticas activas de emprego.

ANEXO

BASES PARA A SELECCIÓN DE 2 PERSOAS TRABALLADORAS DESEMPREGADAS PARA A REALIZACIÓN DA OBRA OU SERVIZO DENOMINADO "EQUIPO PARA ACONDICIONAMENTO, LIMPEZA E ATENCIÓN DOS ESPAZOS NATURAIS E FORESTAIS HISTÓRICOS" CON CARGO AO CONCELLO DE SILLEDA E AO PROGRAMA DA XUNTA GALICIA SUMA TALENTO: RURAL ACTIVO PARA O ANO 2026.

1.- OBXECTO

É obxecto destas bases, regular o procedemento para selección de dúas persoas desempregadas inscritas no Servizo Público de Emprego de Galicia como demandantes non ocupadas e dispoñibles para o emprego, ao abeiro ORDE do 22 de xaneiro de 2026 pola que se establecen as bases que regulan as subvencións para o fomento do emprego no medio rural, programa Galicia Suma Talento: Rural Activo, e se procede á súa convocatoria para o ano 2026 (código de procedemento TR351G).

O número de persoas a contratar será o que se indica a continuación:

- Un equipo de obras ou servizos composto por 2 peóns Forestais.

TOTAL: 2 persoas traballadoras desempregadas por un período de 9 meses a xornada completa.

TIPO DE CONTRATO :contrato de traballo vinculado a programas de políticas activas de emprego.)

Data de inicio prevista: 1 de xullo de 2026. Data de remate 1 de abril de 2027

Salario bruto (base cotización): 1.424,50€/mes

Grupo de Cotización: 10

As características do posto de traballo consistirán en realizar tarefas propias da súa categoría relacionadas maioritariamente coa prevención de incendios nas faixas secundarias definidas pola Lei de prevención e defensa contra os incendios forestais de Galicia, como son a planificación preventiva, a valorización forestal, a silvicultura, a limpeza de montes, a xestión da biomasa.

2.- REQUISITOS DOS ASPIRANTES:

2.1 Para optar ás prazas as persoas aspirantes deberán reunir os seguintes requisitos:

a) Ser español/a ou nacional dun Estado membro da Unión Europea, ou nacional de calquera dos Estados aos que, en virtude de Tratados Internacionais celebrados pola Unión Europea e ratificados por España, sexa de aplicación a libre circulación de traballadores. Tamén serán admitidas aquelas persoas ás que fai referencia o artigo 57, relativo ao acceso ao emprego público de nacionais doutro Estados, da Lei 7/2007 de 12 de abril do Estatuto Básico do Empregado Público.

b) Ser persoas desempregadas inscritas no Servizo Público de Emprego de Galicia como demandantes non ocupadas e que estean dispoñibles para o emprego. As persoas traballadoras con contrato por tempo indefinido fixo discontinuo, inscritas como demandantes de emprego, tamén poderán ser contratadas sempre que a súa contratación resulte posible en función da duración do contrato subvencionado e do contrato fixo discontinuo que teñan subscrito, así como da duración do período de non actividade.

Estes requisitos deberán cumprirse tanto no momento da selección como no da formalización do contrato de traballo temporal coas cláusulas específicas de contrato de traballo vinculado a programas de políticas activas de emprego.

c) Non padecer enfermidade ou defecto físico que impida o normal desenvolvemento das funcións correspondentes ás devanditas prazas. Acreditarase mediante declaración responsable.

d) Non ser separado mediante expediente disciplinario do servizo de calquera das establecidas na lexislación vixente. Acreditarase mediante declaración responsable.

e) Non estar incurso en ningunha causa de incapacidade e incompatibilidade das establecidas na lexislación vixente. Acreditarase mediante declaración responsable.

3.- PARTICIPACIÓN

De acordo co estipulado na Orde reguladora pola que se establecen as bases que regulan as axudas e subvencións para o fomento do emprego no medio rural (programa Galicia Suma Talento: Rural Activo), e se procede á súa convocatoria para o exercicio do ano 2026 (código de procedemento TR351G) a convocatoria realizarase a partir da OFERTA DE EMPREGO ENTRE AS PERSOAS TRABALLADORAS DESEMPREGADAS, inscritas na Oficina do Servizo Público de Emprego de Lalín.

4.- PRESENTACIÓN DE SOLICITUDES.

Aquelas persoas seleccionadas polo Servizo Público de Emprego deberán presentarse no Concello na data indicada na carta que lles enviará o antedito Servizo e achegarán a documentación que se especifica nas presentes Bases, no prazo de tres días hábiles dende a data de presentación (enténdese incluído no prazo anterior o día da presentación).

5.-DOCUMENTACIÓN A PRESENTAR:

- a) Solicitude de participación anexas ás Bases
- b) Copia do DNI
- c) Copia da tarxeta de demanda de emprego actualizada.
- d) Certificados correspondentes aos méritos alegados.
- e) Declaración responsable á que se refire o apartado 2 das presentes bases.

Unha vez finalizado o prazo de presentación de solicitudes, serán publicadas no taboleiro de anuncios da sede electrónica do concello a listaxe provisional de persoas admitidas e excluídas coa motivación da exclusión, elevándose á definitiva a listaxe provisional de admitidas de non existir excluídas e outorgaranse dous días hábiles ás persoas excluídas para que no seu caso presenten alegacións.

Tras a listaxe provisional elevada a definitiva ou a listaxe definitiva de admitidos/as, procederase a determinar o día e hora en que se reunirá o Tribunal cualificador para a realización da proba práctica e a valoración dos méritos das persoas aspirantes admitidas e citarase as persoas aspirantes para a proba práctica (Esta citación non será persoal, publicarase no taboleiro de anuncios da Sede Electrónica do Concello).

6. - PUBLICIDADE

As presentes Bases publicaranse, integramente na páxina web do Concello, e na súa sede electrónica. Os posteriores anuncios publicaranse de igual xeito.

7.- ÓRGANO DE SELECCIÓN

A comisión designada para a selección deste persoal, titulares e suplentes, estará composta, de acordo ao artigo 60 do Real Decreto Lexislativo 5/2015 de 30 de outubro, polo que se aproba o Texto Refundido da Lei do Estatuto Básico do Empregado Público.

1.- Composición do Tribunal : a efectos de facilitar a selección das persoas traballadoras constituirase o Tribunal de selección no Concello, formado da seguinte maneira:

Titulares:

Presidente: José Luís García Montoto, Funcionario municipal

1º Vogal: Felisa Borrajo Nieto, funcionaria municipal

2ºVogal: Susana Framiñán Ramos, funcionaria municipal

3ºVogal: Francisco Javier Gómez Rey, funcionario municipal

Secretario/a: David García Lareo, funcionario municipal

Suplentes:

Suplente do Presidente: Juan Carlos Peteiro Rodríguez , funcionario municipal

Suplente do 1º Vogal.: Miguel Angel Couto García, funcionario municipal

Suplente do 2ºVogal: Mª Soledad Rey Asorey, funcionaria municipal

Suplente do 3ºVogal: Ana Belén Iglesias Mato, persoal laboral fixo

Suplente do Secretario/a: Julio Méndez Castro, funcionario municipal

2.- Abstención e recusación.

Os membros do Tribunal absterase de formar parte deste cando concorran as circunstancias previstas no artigo 23 da Lei 40/2015, do 1 de outubro, de Réxime Xurídico do Sector Público, notificándollo á autoridade convocante.

As persoas aspirantes poderán recusar aos membros do Tribunal, de acordo co artigo 24 da mencionada lei.

3.- Constitución e actuación

O Tribunal non poderá constituírse, nin actuar sen a presenza, cando menos, de tres dos seus membros. En todo caso será precisa a do presidente e do secretario do mesmo.

A actuación do Tribunal axustarase estritamente ás bases da convocatoria.

O Tribunal valorará en primeiro lugar a proba práctica e unha vez valorada esta procederase á valoración dos méritos da fase de concurso presentados polas persoas aspirantes.

O Tribunal queda facultado para resolver as dúbidas que se presenten e tomar os acordos necesarios para a boa orde do proceso selectivo en todo o non previsto nas bases. As decisións adoptaranse por maioría dos votos dos membros presentes e en caso de empate decidirá o voto de calidade do presidente do tribunal.

O Tribunal poderá dispoñer a incorporación de asesores especialistas para valorar os méritos aportados polas persoas participantes que estime pertinentes, que se limitarán ao exercicio das súas especialidades técnicas en base exclusivamente ás que colaborarán co órgano de selección.

4. Vinculación das resolución do Tribunal.

A presidenta da Corporación resolverá de acordo coa proposta do tribunal, que terá carácter vinculante e tendo en conta que o número de seleccionados non pode superar o de prazas convocadas.

De conformidade co Real Decreto Lexislativo 5/2015, do 30 de outubro, polo que se aproba o texto refundido da Lei do Estatuto Básico do Empregado Público, co fin de asegurar a cobertura do posto de traballo convocado, si se producise a renuncia da persoa aspirante seleccionada, antes do seu nomeamento ou toma de posesión, o Alcalde-presidente poderá requirir do órgano de selección relación complementaria das persoas aspirantes que sigan ao proposto, para o seu posible nomeamento.

8. PROCEDEMENTO DE SELECCIÓN

O sistema de selección é o de concurso-oposición cun máximo de 6 puntos

8.1. A fase de oposición constará dun (1) exercicio práctico

PROBA . De carácter obrigatorio e eliminatorio. Consistirá na realización dunha proba práctica, que incluírá manexo ou montaxe de ferramentas coma desbrozadora manual, soplador, ou motoserra para poder valorar as habilidades na realización das funcións propias de peón forestal, (abrir e manter camiños forestais, rozar, aclarar, nivelar, podar e eliminar residuos, entre outras)

A proba será grabada para os efectos de garantir a transparencia e obxectividade do proceso selectivo.

O tempo máximo para a realización desta proba será de trinta (30) minutos.

A proba cualificarase como apto/a ou non apto/a

A data e lugar de realización das probas será publicada no taboleiro de anuncios, na sede electrónica do concello.

As persoas aspirantes concorrerán á realización dos exercicios provistas co seu DNI ou documento fidedigno acreditativo da súa identidade a xuízo do Tribunal.

Serán convocadas en chamamento único, quedando excluídas as que non comparezan, agás casos de forza maior debidamente xustificadas e apreciados libremente polo Tribunal.

A orde de actuación das persoas aspirantes empezará por aquelas cuxo primeiro apelido comece pola letra "M", segundo RESOLUCIÓN do 22 de xaneiro de 2026 pola que se fai público o resultado do sorteo a que se refire o Regulamento de selección de persoal da Administración da Comunidade Autónoma de Galicia

O Tribunal poderá requirir en calquera momento do proceso que acrediten a súa identidade.

Finalizado exercicio, o Tribunal fará pública a lista provisional das persoas aspirantes declaradas aptas ou non aptas

a efectos de exclusión do resto do proceso selectivo.

Transcorridos 3 días hábiles e de non ter alegacións á antedita lista provisional elevarase a definitiva e procederase á baremación da fase de concurso.

Se houbese alegacións o Tribunal resolverá as mesmas e publicará a lista definitiva das persoas aspirantes declaradas aptas e non aptas a efectos de exclusión do resto do proceso selectivo

8.2 – Fase de Concurso, max 6 puntos

Valoración da formación. Valorarase ata un máximo de seis puntos (6 puntos)

Valoraranse os méritos determinados a continuación que sexan alegados e plenamente xustificados polas persoas solicitantes no momento de presentación da instancia para participar neste proceso selectivo.

Puntuarase de acordo co seguinte baremo e ata un máximo de seis puntos. (6,00 puntos).

1.- Colectivos con especiais dificultades de inserción laboral. Máximo 2 puntos:

- a) Persoas desempregadas que participasen en obradoiros de emprego, programas integrados de emprego, programas mixtos de formación e emprego ou accións formativas dirixidas prioritariamente a persoas traballadoras desempregadas (AFD), relacionadas co eido forestal, conservación e mellora de montes, silvicultura, agricultura, gandería e xardinaria. (0,20 puntos).
- b) Persoas integrantes de colectivos desfavorecidos ou en risco de exclusión social, especialmente as persoas beneficiarias da renda de integración social de Galicia. (0,20 puntos).
- c) Mulleres, en especial aquelas que acrediten a condición de vítimas de violencia de xénero, de trata de seres humanos ou de explotación sexual. (0,20 puntos)
- d) Menores de 30 anos, en especial as persoas demandantes do primeiro emprego ou aquelas sen cualificación profesional. (0,20 puntos)
- e) Persoas paradas de longa duración. (0,20 puntos)
- f) Persoas con discapacidade. (0,20 puntos)
- g) Persoas desempregadas que esgotasen as prestacións e subsidios por desemprego a que tivesen dereito. (0,20 puntos)
- h) Persoas desempregadas maiores de 45 anos. (0,20 puntos)
- i) Persoas trans. (0,20 puntos)
- j) Persoas emigrantes retornadas ou persoas estranxeiras con autorización ou permiso de residencia e traballo en España. (0,20 puntos)

2.- Por estar en posesión dun CICLO FORMATIVO da familia Agraria: 1 punto

3.- Participación en cursos ou xornadas, sempre que teñan relación directa coas actividades a desenvolver no posto de traballo ao que se opta (Máximo de 3,00 puntos).

Cursos de menos de 20 horas.....0,10 puntos/curso

Cursos de entre 20-50 horas.....0,20 puntos/curso

Cursos de máis de 51 horas.....0,50 puntos/curso

A formación das persoas traballadoras acreditarase mediante a presentación de copia dos certificados acreditativos de ter realizada a acción formativa, na que conste o número de horas de formación realizada. No caso de que non conste o número de horas de acción formativa entenderase que teñen unha duración inferior a 20 horas e puntuarase con 0,10 puntos por curso.

9.- LISTAXE DE PERSOAS APROBADAS E PROPOSTA DE CONTRATACIÓN

O Tribunal publicará a lista provisional da baremación na sede electrónica e na páxina web do Concello de Silleda.

As persoas aspirantes terán un prazo de 2 días hábiles, contados a partir do día seguinte ao da publicación das puntuacións, para facer as alegacións que estimen oportunas.

Se houbese reclamacións, o Tribunal resolverá as mesmas. Tras a devandita resolución dispoñerá a puntuación definitiva.

Se non houbese reclamacións, a puntuación total elevarase a definitiva.

A puntuación definitiva expoñerase na sede electrónica e na páxina web do Concello de Silleda.

No caso de producirse un empate entre as persoas candidatas, dirimirase conforme:

1º Aplicarase alfabeticamente a orde de actuación das persoas aspirantes mediante a RESOLUCIÓN do 22 de xaneiro de 2026 pola que se fai público o resultado do sorteo a que se refire o Regulamento de selección de persoal da Administración da Comunidade Autónoma de Galicia.

2º No caso de persistir o empate resolverase por sorteo.

Finalizado o proceso selectivo, remitirase acta da última sesión á Presidenta da Corporación para proceder á contratación, sendo as persoas candidatas que obteñan maior puntuación. A listaxe das persoas seleccionadas publicarase no Taboleiro de anuncios da sede electrónica do Concello.

Así mesmo publicarase a proposta de integración en Bolsa de Reserva, para os casos de baixa ou renuncia por parte dalgunha das persoas contratadas que superaron o proceso selectivo por orde de puntuación.

Non se poderá aprobar nin declarar que superaron as probas selectivas un número de aspirantes superior ao das prazas convocadas.

10.- CONTRATACIÓN E PRESENTACIÓN DE DOCUMENTOS

10.1.- As persoas seleccionadas deberán aportar antes da formalización do contrato a seguinte documentación, sempre que non a tivesen presentado con anterioridade:

-Declaración responsable de non ser separada mediante expediente disciplinario do servizo de ningunha administración pública nin atoparse inhabilitada para o exercicio das funcións públicas.

-Declaración responsable de non estar incurso en causa de incapacidade ou incompatibilidade referida ao momento de toma de posesión.

-Certificación acreditativa de non padecer enfermidade ou defecto físico que impida o normal desenvolvemento da súa función.

- Certificación bancaria do número de conta corrente, para realizar o ingreso da nómina.

- Copia da tarxeta da Seguridade Social.

10.2.-As persoas que non presenten a documentación esixida (non sendo por causa de forza maior), non poderán ser nomeadas e quedarán anuladas todas as súas actuacións sen prexuízo doutras responsabilidades nas que puidesen incurrir.

11.- FORMALIZACIÓN DOS CONTRATOS

Finalizada a selección formalizarase o oportuno contrato laboral temporal e clasificado no grupo que corresponda.

12.- NORMA FINAL

12.1.- O só feito de presentar instancia coa que solicita participar na convocatoria constitúe sometemento expreso das persoas aspirantes ás bases reguladoras dela, que ten consideración de norma reguladora da convocatoria.

12.2.- Esta convocatoria, e cantos actos administrativos se deriven dela e da actuación do órgano de selección poderán ser impugnados polas persoas interesadas nos casos, termos e na forma que dispón a Lei 39/2015, do 1 de outubro, do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas

12.3.- O órgano de selección é competente para resolver as dúbidas que se presenten e tomar os acordos necesarios para o bo funcionamento desta convocatoria.

12.4.- Todos os avisos, citacións e convocatorias que se realicen ás persoas aspirantes que non sexan os que obrigatoriamente se mencionan nestas bases, realizaranse unicamente por medio do Taboleiro de Edictos do Concello.

13.- DATOS DE CARÁCTER PERSOAL

O tratamento dos datos persoais levarase a cabo segundo o establecido na Lei Orgánica 3/2018, de 5 de decembro, de Protección de Datos Persoais e garantía dos dereitos dixitais.

14.- CONSENTIMENTO E TRATAMENTO DE DATOS

Información relativa o tratamento e Protección de Datos desta entidade, en cumprimento da Lei Orgánica 3/2018, de 5 de decembro, de Protección de Datos Persoais e garantía dos dereitos dixitais (LOPDGDD) e da normativa de Protección de Datos tendo en conta as disposicións do Regulamento (UE) 2016/679 do Parlamento Europeo e do Consello, de 27 de abril de 2016 (RXP), relativo a protección das persoas físicas no tratamento de datos persoais e os respectivos artigos 13 e 14 do citado RXP, informámoslle que os datos recollidos que Vd. nos facilita e achega nesta solicitude, serán incorporados a un Rexistro de Actividades de Tratamento de Xestión de Persoal do Concello de Silleda.

E polo que, os datos persoais dos participantes ou solicitantes de ofertas de emprego deste Concello, serán tratados para o proceso selectivo no que vostede solicita participar, e o tratamento farase tendo en conta as seguintes indicacións:

14.1.- Responsable do tratamento dos seus datos persoais: Concello de Silleda.

14.2.- Finalidade do tratamento dos seus datos persoais: Ao facilitar e aportar os datos como candidato e interesado en formar parte do proceso selectivo, vostede dá o consentimento para dita información que facilita sexa recompilada, utilizada, xestionada e tratada para este fin por este Responsable de Tratamento, só como se describe nas bases de este concurso e con esta única finalidade, indicámoslle que os seus datos serán suprimidos unha vez que xa remate os termos e fin da modalidade contractual ou que as obrigacións legais así o establezan, os seus datos así como aquela documentación achegada por vostede o longo do tempo do tratamento formarán parte dun "Rexistro de Actividades de Tratamento de Xestión de Persoal do Concello de Silleda" ca finalidade única de xestión e selección de persoal que se leva a cabo mediante o sistema de concurso, é no que se valoran os méritos presentados polos/as aspirantes, de conformidade co exposto nas presentes bases é a selección e posterior contratación do posto ofertado.

14.3.- *Lexitimación para o tratamento dos datos:* As bases legais para o tratamento dos seus datos é o consentimento que vostede concede ou o do seu representado ca cumplimentación da solicitude como solicitante de formar parte do proceso selectivo, e tamén o abeiro das propias que se empregan para contratos de traballo das entidades locais.

14.4.- *Os seus dereitos:* Como persoa interesada poderá acceder aos seus datos persoais, así como a solicitar a rectificación dos datos inexactos ou, no seu caso, solicitar a supresión, solicitar a limitación do tratamento dos seus datos, en cuxo caso unicamente o Concello os conservará para o exercicio ou a defensa de reclamacións. Tamén, si desexa acadar máis información en canto o tratamento de datos ou exercer os seus dereitos, o xeito de informar establecémosto por capas e poñemos á súa disposición un cadro informativo do tratamento de datos que pode consultar así como exercer os seus dereitos en <https://silleda.sedelectronica.gal/privacy.1>, tamén poderá solicitar estes enviando escrito o Rexistro Xeral do Concello en Rúa Progreso, 41 Silleda (36540) Pontevedra, en canto a obter confirmación de si estamos tratando os seus datos persoais, o dereito de acceso, a rectificar e suprimir os datos, solicitar a portabilidade dos mesmos, a opoñerse o seu tratamento e solicitar a limitación deste, así como no caso de considerar que os seus dereitos non son atendidos poderá presentar reclamacións ante a Autoridade de Control <https://www.aepd.es/>, para tramitar os seus dereitos pode solicitarlos ante este Responsable de Tratamento en Rúa Progreso, 41 Silleda (36540) Pontevedra, ou tamén dirixíndose por vía mail a: info@silleda.gal ditas solicitudes deberán dirixirse a Delegada de Protección Datos, facendo referencia ao dereito que pretende exercer e achegando copia do seu DNI/NIF ou documento que o/a identifique.

14.5.- *Segredo e seguridade dos datos:* Este responsable, comprométese no tratamento e uso dos datos persoais das persoas interesadas, a facelo gardando a súa confidencialidade e de acordo coa súa finalidade, así como a dar cumprimento á súa obriga de gardalos e adoptar as medidas de seguridade para evitar a alteración, perda, tratamento ou acceso non autorizado, de conformidade co establecido na normativa vixente en protección de datos. No tratamento dos seus datos, aplicaremos a normativa de protección de datos é políticas de seguridade que establece o Esquema Nacional de Seguridade e o propio RXPd e LOPDGD.

14.6.- *Cesión de datos:* Non están previstas cesións mais alá das indicadas nas bases de este proceso selectivo

15.- RECURSOS

As presentes Bases poderán ser impugnadas polas persoas interesadas, mediante recurso potestativo de reposición, ante a Alcaldía no prazo dun mes, a contar desde o seguinte ao da publicación na páxina web do Concello de Silleda, segundo dispoñen os artigos 112, 123 e 124 da Lei 39/2015, e, no seu caso, contra a Resolución expresa ou presunta do mesmo, poderán interpoñer no seu momento o oportuno recurso contencioso-administrativo.

Así mesmo, contra a presente convocatoria poderase interpoñer Recurso Contencioso-Administrativo directamente, no prazo de dous meses, a contar desde o seguinte á publicación da convocatoria nos medios expresados no anterior parágrafo, ante os Xulgados do Contencioso-Administrativo que corresponda de Pontevedra, de conformidade co previsto nos artigos 8, 25 e 46 da Lei 29/1998, de 13 de xullo, Reguladora da Xurisdición Contencioso-Administrativa. Os demais actos administrativos que se deriven da presente convocatoria, e da actuación do Tribunal poderán ser impugnados polos interesados nos casos e forma previstos na Lei 39/2015, de 1 de outubro, do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas.

ANEXO I

SOLICITUDE PARA A SELECCIÓN DE 2 PERSOAS TRABALLADORAS DESEMPREGADAS PARA A REALIZACIÓN DA OBRA OU SERVIZO DENOMINADO "ACONDICIONAMENTO, LIMPEZA E ATENCIÓN DOS ESPAZOS NATURAIS FORESTAIS E HISTÓRICOS" CON CARGO AO CONCELLO DE SILLED A AO PROGRAMA DA XUNTA "GALICIA SUMA TALENTO: RURAL ACTIVO" PARA O ANO 2026 Posto ao que opta: PEÓN FORESTAL

D./Dña. _____, con D.N.I. nº _____, e

domicilio a efectos de notificacións en _____ C.P. _____,
teléfono de
contacto _____ correo electrónico: _____

EXPÓN:

Que ten coñecemento da convocatoria pública efectuada polo Concello de Silleda e desexa participar na selección para a realización da obra ou servizo denominado ACONDICIONAMENTO E ATENCIÓN DOS ESPAZOS NATURAIS FORESTAIS HISTÓRICOS 2026 con cargo ao Concello de Silleda e subvención para o fomento do emprego no medio rural da Xunta de Galicia .

Para ese efecto faise constar:

Que reúne todos e cada un dos requisitos esixidos na convocatoria.

Que aporta a seguinte documentación :

- Copia do DNI
- Copia da tarxeta de demanda de emprego actualizada.
- Certificados correspondentes aos méritos alegados.
- Declaración responsable á que se refire as presentes bases.(Anexo II)

SOLICITA:

Ser admitido/a a participar na presente convocatoria.

O/A abaixo asinante declara baixo a súa responsabilidade que son certos os datos obrantes na presente solicitude e que reúne todas e cada unha das condicións e requisitos esixidos para participar na presente convocatoria, así como que acata integramente o contido das bases.

Silleda, ____ de _____ de 2026

Asdo.:

ALCALDESA-PRESIDENTA DO CONCELLO DE SILLEDA

ANEXO II
DECLARACIÓN RESPONSABLE

Dº./Dª _____, con D.N.I. nº _____,
e domicilio a efectos de notificacións en _____

EXPÓN:

Que participa na convocatoria "ACONDICIONAMENTO, LIMPEZA E ATENCIÓN DOS ESPAZOS NATURAIS FORESTAIS E HISTÓRICOS" Ano 2026,

Que por isto, e para poder formalizar o contrato de traballo,

DECLARA EXPRESAMENTE:

1º.- Ser desempleado/a, inscrito/a no Servicio Público de Empleo de Galicia como demandante non ocupado e dispoñible para o emprego e que reúne os requisitos establecidos nas Bases establecidas no DOGA pola que se establecen as Bases que regulan as axudas e subvencións para o PROGRAMA DA XUNTA "GALICIA SUMA TALENTO: RURAL ACTIVO" PARA O ANO 2026.

2º.- Non padecer enfermidade ou defecto físico que impida o normal desenvolvemento da súa función na praza a que opta.

3º.- Non estar separado mediante expediente disciplinario do servizo de ningunha administración pública nin estar inhabilitado para o exercicio das funcións públicas.

4º.- Non estar incurso/a en causa de incapacidade ou incompatibilidade referida ao nomeamento de toma de posesión.

Silleda, a ____ de _____ de 2026

Asdo.:

ALCALDESA-PRESIDENTA DO CONCELLO DE SILLEDA

Expediente 269/2022. Convenio entre a Consellería de Presidencia, Xustiza e Deportes e a Federación Galega de Municipios e Provincias (FEGAMP) para a coordinación de actuacións no desenvolvemento do programa galego de vixilancia e control fronte á avespa asiática (vespa velutina) no ano 2026.

Favorable

Tipo de votación: Unanimidade/Asentimento

Visto, o CONVENIO ENTRE A CONSELLERÍA DE PRESIDENCIA, XUSTIZA E DEPORTES E A FEDERACIÓN GALEGA DE MUNICIPIOS E PROVINCIAS (FEGAMP) PARA A COORDINACIÓN DE ACTUACIÓNS NO DESENVOLVEMENTO DO PROGRAMA GALEGO DE VIXLANCIA E CONTROL FRONTE

Á AVESPA ASIÁTICA (VESPA VELUTINA) NO ANO 2026

Visto que é preciso formalizar de novo a adhesión do Concello de Silleda para o ano 2026.

Por todo o exposto, a Xunta de Goberno Local, ao abeiro das atribucións delegadas pola Alcaldesa na resolución do 31 de xaneiro de 2024, **ACORDA:**

1º Aprobar a adhesión, do Concello de Silleda, formal e expresamente a todas e cada unha das cláusulas do convenio mencionado, que consta no expediente 269/2022, asumindo as obrigas e compromisos derivados do mesmo e con suxeición plena a todas estas.

Expediente 535/2026. MELLORA CAMIÑOS MUNICIPAIS EN SAR, ESCUADRO

Favorable**Tipo de votación:** Unanimidade/Asentimento

Visto o proxecto redactado polo enxeñeiro Román Gómez Fraiz, denominado: “**MELLORA CAMIÑOS MUNICIPAIS EN SAR, ESCUADRO**” con presuposto base de licitación de **115.361,39 €** (IVE INCLUÍDO).

Visto o informe técnico emitido o 4 de marzo do 2026, que consta no expediente, relativo ao cumprimento do planeamento en vigor, afeccións sectoriais e informe supervisión.

Vista a acta de trazado previo que figura no expediente de solicitude da subvención

Vistas as autorizacións sectoriais incorporadas ao expediente.

Vistas a resolucións de aprobación do proxecto e de Inicio do expediente de contratación.

Vistos os Pregos de Cláusulas Administrativas Particulares.

Visto o informe xurídico asinado o 4 de maio de 2026

Visto o informe Fase A de intervención asinado o 4 de maio de 2026

Por todo o exposto, a Xunta de Goberno Local, ao abeiro das atribucións delegadas pola Alcaldesa na resolución do 31 de xaneiro de 2024, **ACORDA:**

PRIMEIRO. Aprobar o expediente de contratación da obra denominada “**MELLORA CAMIÑOS MUNICIPAIS EN SAR, ESCUADRO**”, mediante procedemento aberto simplificado, con tramitación anticipada, e adxudicación baseada na mellor relación calidade-prezo, atendendo a varios criterios de adxudicación.

SEGUNDO. Autorizar o gasto derivado da presente contratación por importe de **115.361,39 euros**, IVE incluído, con cargo ás aplicacións correspondentes do estado de gastos do Orzamento municipal prorrogado para o exercicio 2026, quedando a súa eficacia condicionada á existencia de crédito adecuado e suficiente no orzamento que resulte definitivamente aprobado para o exercicio correspondente, de conformidade co previsto para a tramitación anticipada..

TERCEIRO. Aprobar os Pregos de Cláusulas Administrativas Particulares e de Prescricións Técnicas do contrato de obra de “**MELLORA CAMIÑOS MUNICIPAIS EN SAR, ESCUADRO**” que rexeiran o contrato, que incorporan e reflicten o contido do proxecto técnico que serve de base á licitación, na súa versión definitiva e actualizada, incluídas as adaptacións e achegas documentais realizadas ao longo da tramitación, considerándose, para todos os efectos, como a documentación técnica válida para a execución do contrato.

CUARTO. Dispoñer a apertura do procedemento de adxudicación, ordenando a publicación do

anuncio de licitación e da documentación contractual no Perfil de Contratante do Concello de Silleda, integrado na Plataforma de Contratación do Sector Público.

Expediente 476/2026. MELLORA DE CAMIÑOS MUNICIPAIS EN PEDROUZO, CERVAÑA E CORTEGADA, SILLEDA

Favorable

Tipo de votación: Unanimidade/Asentimento

Visto o proxecto redactado polo enxeñeiro Román Gómez Fraiz, denominado: **MELLORA DE CAMIÑOS MUNICIPAIS EN PEDROUZO, CERVAÑA E CORTEGADA, SILLEDA**, con presuposto base de licitación de **259.561,26 €** (IVE INCLUÍDO).

Visto o informe técnico emitido o 20/03/2026, que consta no expediente, relativo ao cumprimento do planeamento en vigor, afeccións sectoriais e informe supervisión.

Vista a acta de trazado previo que figura no expediente de solicitude da subvención.

Vistas as Solicitudes de Autorizacións sectoriais incorporadas ao expediente.

Vistas a resolucións de aprobación do proxecto e de Inicio do expediente de contratación.

Vistos os Pregos de Cláusulas Administrativas Particulares.

Visto o informe xurídico asinado o 4 de maio do 2026.

Visto o informe Fase A de intervención asinado o 6 de maio de 2026

Por todo o exposto, a Xunta de Goberno Local, ao abeiro das atribucións delegadas pola Alcaldesa na resolución do 31 de xaneiro de 2024, **ACORDA:**

PRIMEIRO.- Aprobar o expediente de contratación da obra denominada **MELLORA DE CAMIÑOS MUNICIPAIS EN PEDROUZO, CERVAÑA E CORTEGADA, SILLEDA** por importe de **259.561,26 €** (IVE INCLUÍDO), mediante procedemento aberto simplificado, tramitación anticipada, e adxudicación baseada na mellor relación calidade-prezo, atendendo a varios criterios de adxudicación.

SEGUNDO.- Autorizar o gasto derivado da presente contratación por importe de 259.561,26 euros, IVE incluído, con cargo ás aplicacións correspondentes do estado de gastos do Orzamento municipal prorrogado para o exercicio 2026, quedando a súa eficacia condicionada á existencia de crédito adecuado e suficiente no orzamento que resulte definitivamente aprobado para o exercicio correspondente, de conformidade co previsto para a tramitación anticipada.

TERCEIRO.- Aprobar os Pregos de Cláusulas Administrativas Particulares e de Prescricións Técnicas do contrato de obra de **“MELLORA DE CAMIÑOS MUNICIPAIS EN PEDROUZO, CERVAÑA E CORTEGADA, SILLEDA”** que rexerán o contrato, que incorporan e reflicten o contido do proxecto técnico que serve de base á licitación, na súa versión definitiva e actualizada, incluídas as adaptacións e achegas documentais realizadas ao longo da tramitación, considerándose, para todos os efectos, como a documentación técnica válida para a execución do contrato.

CUARTO.- Dispoñer a apertura do procedemento de adxudicación, ordenando a publicación do anuncio de licitación e da documentación contractual no Perfil de Contratante do Concello de Silleda, integrado na Plataforma de Contratación do Sector Público.

Expediente 567/2026. Saneamento de Augas Residuais en Maceira Boa, Silleda

Favorable

Tipo de votación: Unanimidade/Asentimento

Visto o proxecto redactado polo enxeñeiro Román Gómez Fraiz titulado **“Saneamento de Augas Residuais en Maceira Boa, Silleda”**, con presuposto base de licitación de 158.700,77€ (IVE incluído).

Vista a solicitude de subvención, por importe 158.700,77€ presentada polo Concello de Silleda a través do Plan + Provincia 2026 da Deputación de Pontevedra.

Vista a acta de trazado previo que figura no expediente de solicitude da subvención (425/2026).

Visto o informe técnico emitido o 23/03/26, relativo ao cumprimento do planeamento en vigor, afeccións sectoriais e informe de supervisión.

Vista a solicitude de autorización sectorial para leva a cabo a actuación, remitida ao Ministerio de Transportes, Mobilidade e Axenda Urbana, que se recolle no informe do técnico municipal.

Vista a solicitude de autorización aprobada pola Consellería do Medio Rural, Departamento Territorial de Pontevedra, Servizo de Infraestruturas Agrarias, na que se autoriza á actuación de **“Saneamento de augas residuais en Maceira Boa, Silleda”**, dentro da zona de concentración parcelaria Manduas – Chapa.

Por todo o exposto, a Xunta de Goberno Local, ao abeiro das atribucións delegadas pola Alcaldesa na resolución do 31 de xaneiro de 2024, **ACORDA:**

Primeiro.- Aprobar o Proxecto **“Saneamento de augas residuais en Maceira Boa, Silleda”** con presuposto base de licitación por importe de 158.700,77€ (IVE incluído) nos termos do artigo 233 Lei 9/2017, do 08 de novembro, de Contratos do Sector Público.

Segundo.- Iniciar o expediente de contratación por tramitación anticipada da obra “**Saneamento de augas residuais en Maceira Boa, Silleda**” por importe de 158.700,77€ (IVE incluído), solicitando ao persoal técnico competente a redacción dos pregos que rexerán o proceso.

Expediente 17/2026. CONTRATACIÓN DO SERVIZO DE ROZA E LIMPEZA DAS CUNETAS, BEIRAVÍAS E NOIROS DOS CAMIÑOS DE COMPETENCIA MUNICIPAL DO CONCELLO DE SILLEDA. ANO 2026

Favorable

Tipo de votación: Unanimidade/Asentimento

Visto que na sesión celebrada o 13 de marzo de 2026, a Mesa de contratación acordaba requirir ó licitador JUAN MANUEL BASCUAS OTERO a seguinte documentación:

“Cláusula 27

- Documentación xustificativa de que se dispón efectivamente dos medios que se houbese comprometido a dedicar ou adscribir á execución do contrato conforme ao artigo 76.2 LCSP.

Obrigacións coa Seguridade Social:

Certificación positiva actualizada expedida pola Tesourería da Seguridade Social, na que se conteña xenéricamente o cumprimento dos requisitos establecidos no artigo 14 do RGLCAP.”

Visto que dito requirimento efectúase o 13 de marzo de 2026, Rexistro de Saída n.º 2026-S-RE-325, sendo recepcionado o mesmo día 13 de marzo de 2026.

Visto que mediante escrito de data 18 de marzo de 2026, Rexistro de Entrada n.º 2026-E-RE-439, o licitador JUAN MANUEL BASCUAS OTERO, presenta documentación.

Vista que a mencionada documentación é examinada polo Capataz de Obras do Concello de Silleda, Dº Francisco Javier Gómez Rey, o cal, con data 26 de marzo de 2026, emite o seguinte informe que se transcribe literalmente:

“INFORME TÉCNICO SOBRE A DOCUMENTACIÓN XUSTIFICATIVA DE MEDIOS

Expediente: 17/2026

Contrato: Servizo de roza e limpeza das cunetas, beiravías e noiros dos camiños de competencia municipal do Concello de Silleda. Ano 2026

O presente informe ten por obxecto analizar a documentación presentada pola empresa JUAN MANUEL BASCUAS OTERO requirida, co fin de comprobar se acredita de maneira suficiente a dispoñibilidade dos medios esixidos nos pregos que rexen o contrato para o servizo de roza e limpeza das cunetas, beiravías e

noiros dos camiños de competencia municipal do Concello de Silleda. Ano 2026.

Segundo o establecido no prego de prescricións técnicas, esíxese a disposición dos MEDIOS A UTILIZAR NA REALIZACIÓN DOS TRABALLOS, recollidos no PPT apartado 6

DOCUMENTACIÓN PRESENTADA

A empresa presenta a seguinte relación de medios:

- Máquina desbrozado TH-280D
- Máquina desbrozadora TSF-180-7
- Claas Ares – matrícula E6133BFL
- Fiat 100-90 – matrícula E2914BCV
- Case Puma – matrícula E5823BGY
- Documentación dunha Retroexcavadora matrícula 2334BBT, que resulta practicamente ilexible
- Same – matrícula E8753BHL – sen documentación
- John Deere 7930 – matrícula E4664BGT
- John Deere MGR250 – matrícula E8791BHV
- Steyr 6115 PROFI – matrícula E3379BFL
- Identifica con placa duas desbrazoras de brazo mecanico rozador KHUN de alcance suficiente
- Identifica con placa un brazo semilateral rozador de alcance suficiente
- Fotografía dun cortacésped

ANÁLISE TÉCNICA

Da análise da documentación presentada despréndense:

a) Incumprimento das características técnicas da maquinaria

As máquinas TH-280D e TSF-180-7 non cumpren cos requisitos técnicos establecidos no prego, ao non ser brazo semilateral desbrozador.

b) Incumprimento da normativa legal vixente

Nun total de tres tractores Claas Ares, Fiat 100-90 , Case Puma, e a retoexcavadora no se acredita ITV en vigor.

Non se achega a documentación do tractor Same (sólo se entrega un informe do vehículo da DGT)

Achegase fotografía relativa a un cortacésped, sen mais documentación

c) Insuficiencia de medios válidos

Hay sólo tres tractores que cumpren cos requisitos, John Deere 7930, John Deere MGR250 y Steyr 6115 PROFI.

Nos brazos desbrozadores, falta por acreditarse un brazo semilateral rozador de alcance suficiente

Tampoco se acredita a maquinaria para o transporte de material a vertedeiro.

e) Falta de acreditación de medios auxiliares

Non se acredita a dispoñibilidade da seguinte maquinaria auxiliar: Maquina trituradora de restos vexetais, desbrozadoras manuais, motoserras, soplador de man."

Visto que a Mesa de contratación na sesión celebrada o 10 de abril de 2026 acorda requirir o licitador JUAN MANUEL BASCUAS OTERO a documentación que aclare o recollido no informe anteriormente transcrito. (Rexistro de saída nº 2026-S-RE-459 de 10 de abril de 2026).

Visto que o licitador responde ó requirimento efectuado entregando unha serie de documentos o 15 de abril de 2026 con rexistros de entrada neste Concello nº 2026-E-RE-601 e 2026-E-RE-602.

Visto que a documentación é examinada polo Capataz de Obras do Concello de Silleda, Dº Francisco Javier Gómez Rey, o cal, con data 07 de maio de 2026, emite o seguinte informe que se transcribe literalmente:

"INFORME TÉCNICO SOBRE A DOCUMENTACIÓN PRESENTADA EN SUBSANACIÓN DA XUSTIFICACIÓN DE MEDIOS

Expediente:17/2026

Contrato: Servizo de roza e limpeza das cunetas, beiravías e noiros dos camiños de competencia municipal do Concello de Silleda. Ano 2026

O presente informe ten por obxecto analizar a documentación presentada pola empresa JUAN MANUEL BASCUAS OTERO, en data 15 de abril de 2026 (rexistros de entrada nº 2026-E-RE-601 e 2026-E-RE-602), en trámite de subsanación, tras o informe técnico emitido con data 25 de marzo de 2026, co fin de comprobar se queda acreditada de maneira suficiente a disposición dos medios esixidos nos pregos que rexen o contrato para o servizo de roza e limpeza das cunetas, beiravías e noiros dos camiños de competencia municipal do Concello de Silleda.

Unha vez examinada a nova documentación achegada, conclúese que non poden considerarse subsanados determinados aspectos esenciais, en concreto os correspondentes aos apartados a) e b) do informe técnico de data 25 de marzo de 2026, polos motivos que se indican a continuación:

a) Incumprimento das características técnicas da maquinaria

No informe de data 25 de marzo de 2026 indicábase que as máquinas TH-280D e TSF-180-7 non cumprían cos requisitos técnicos establecidos no prego, ao non tratarse de brazo semilateral desbrozador conforme ao esixido.

Na documentación presentada en fase de subsanación, a empresa achega unha nova máquina,

identificada como VIMAR DOC 302 P/PS, que tampouco se adapta ás características técnicas esixidas nos pregos, ao non responder á tipoloxía e prestacións requiridas (brazo de 1.80 m).

Polo tanto, mantense o incumprimento

b) Incumprimento da normativa legal vixente dos vehículos

No informe técnico de data 25 de marzo de 2026 sinalábase que non se acreditaba a ITV en vigor de varios vehículos, en concreto dos tractores Claas Ares, Fiat 100-90 e Case Puma, así como da retroescavadora.

Unha vez revisada a documentación presentada, continúa sin acreditarse ITV en vigor

Polo tanto, mantense o incumprimento

Adicionalmente, a empresa incorpora un novo tractor Valmet que figura como propiedade doutra empresa (Maderas Vicente Carrillo S.L.) e con a ITV caducada desde o 21/04/2022 aportándose como xustificación unha pegatina ilexible de ITV, da que non pode determinarse con certeza nin o seu contido nin a súa correspondencia co vehículo

Á vista do anterior, e a pesar de que o resto dos aspectos sinalados no requirimento poden considerarse subsanados, conclúese que non queda acreditado o cumprimento dos requisitos esixidos en materia de medios materiais, ao non xustificarse de forma suficiente a disposición dos medios esixidos nos pregos que rexen o contrato.

Por todo o anterior, **infórmase desfavorablemente a documentación presentada** para os efectos de ter por cumprido o requirimento efectuado.

Francisco Javier Gómez Rey
Capataz de obras”

Visto que a Mesa de Contratación, na sesión celebrada o 08 de maio de 2026, á vista do informe técnico emitido con data 07 de maio de 2026, relativo á documentación presentada en trámite de subsanación polo licitador JUAN MANUEL BASCUAS OTERO, acordaba:

“PRIMEIRO.- PROPOÑER A EXCLUSIÓN da oferta presentada polo licitador JUAN MANUEL BASCUAS OTERO, con N.I.F. 35317336P, no procedemento de licitación do contrato de servizo de roza e limpeza das cunetas, beiravías e noiros dos camiños de competencia municipal do Concello de Silleda (Expte. 17/2026).

A exclusión fundaméntase en que non queda acreditado o cumprimento dos requisitos mínimos esixidos nos pregos en relación cos medios materiais adscritos á execución do contrato,

persistindo incumprimentos esenciais postos de manifesto no informe técnico.

En particular:

- A maquinaria achegada non se axusta ás características técnicas mínimas establecidas no Prego de Prescricións Técnicas, ao non responder á tipoloxía e prestacións esixidas para o brazo semilateral desbrozador requirido.*
- Non queda acreditada a ITV en vigor de diversos vehículos adscritos ao servizo, persistindo o incumprimento da normativa legal vixente respecto dos medios materiais comprometidos para a execución contractual.*

Os anteriores incumprimentos teñen carácter esencial e non subsanable, ao afectar directamente á aptitude técnica dos medios comprometidos para a correcta execución do contrato e ao cumprimento das condicións mínimas establecidas nos pregos, que constitúen a lei do contrato e vinculan por igual a todos os licitadores.

En consecuencia, a Mesa acorda elevar ao órgano de contratación proposta de exclusión da oferta presentada pola citada empresa.

SEGUNDO.- *En consecuencia, o órgano de contratación, de aceptar a proposta de exclusión da oferta presentada polo licitador JUAN MANUEL BASCUAS OTERO, con N.I.F. 35317336P, procederá á devolución da garantía definitiva constituída no seu momento como parte dos requisitos exixidos para a posible adxudicación.*

TERCEIRO.- *Requirir a documentación ó licitador, **OTERO FORESTAL S.L.U.**, con N.I.F. B36358067, para que presente a documentación por ser a segunda oferta máis vantaxosa das presentadas para a licitación do contrato de servizos denominado “CONTRATACIÓN DO SERVIZO DE ROZA E LIMPEZA DAS CUNETAS, BEIRAVÍAS E NOIROS DOS CAMIÑOS DE COMPETENCIA MUNICIPAL DO CONCELLO DE SILLEDA. ANO 2026” para que, dentro do prazo de 7 días hábiles, a contar dende o seguinte a aquel en que recibise o requirimento, presente a documentación que se relaciona na Cláusula 27 do PCAP, ó igual que a constitución da garantía definitiva que se recolle na Cláusula 21 do PCAP e o punto 25 do Anexo I do mesmo prego.*

*O licitador deberá ter en conta o recollido **no punto 24.2 do Anexo I** do PCAP, onde se sinala que deberá entregar un compromiso de dispoñer, dende o inicio do contrato, dos medios de adscripción necesarios para atender á prestación do servizo, de acordo coas previsións do prego técnico.”*

*Polo exposto, a Xunta de Goberno Local, ao abeiro das competencias delegadas pola Alcaldesa na resolución do 31 de xaneiro de 2024, **ACORDA:***

PRIMEIRO.- EXCLUIR a oferta presentada polo licitador JUAN MANUEL BASCUAS OTERO, con N.I.F. 35317336P, no procedemento de licitación do contrato de servizo de roza e limpeza das cunetas, beiravías e noiros dos camiños de competencia municipal do Concello de Silleda (Expte. 17/2026).

A exclusión fundaméntase en que non queda acreditado o cumprimento dos requisitos mínimos esixidos nos pregos en relación cos medios materiais adscritos á execución do contrato, persistindo incumprimentos esenciais postos de manifesto no informe técnico.

Os incumprimentos teñen carácter esencial e non subsanable, ao afectar directamente á aptitude técnica dos medios comprometidos para a correcta execución do contrato e ao cumprimento das condicións mínimas establecidas nos pregos, que constitúen a lei do contrato e vinculan por igual a todos os licitadores.

SEGUNDO.- Proceder á devolución da garantía definitiva constituída no seu momento como parte dos requisitos exixidos para a posible adxudicación, que ascende a **3.616,08 €**.

TERCEIRO.-Requirir a documentación ó licitador, **OTERO FORESTAL S.L.U.**, con N.I.F. B36358067, para que presente a documentación por ser a segunda oferta máis vantaxosa das presentadas para a licitación do contrato de servizos denominado “CONTRATACIÓN DO SERVIZO DE ROZA E LIMPEZA DAS CUNETAS, BEIRAVÍAS E NOIROS DOS CAMIÑOS DE COMPETENCIA MUNICIPAL DO CONCELLO DE SILLEDA. ANO 2026” para que, dentro do prazo de 7 días hábiles, a contar dende o seguinte a aquel en que recibise o requirimento, presente a documentación que se relaciona na Cláusula 27 do PCAP, ó igual que a constitución da garantía definitiva que se recolle na Cláusula 21 do PCAP e o punto 25 do Anexo I do mesmo prego.

O licitador deberá ter en conta o recollido **no punto 24.2 do Anexo I** do PCAP, onde se sinala que deberá entregar un compromiso de dispoñer, dende o inicio do contrato, dos medios de adscripción necesarios para atender á prestación do servizo, de acordo coas previsións do prego técnico.

B) ACTIVIDADE DE CONTROL

Non hai asuntos

C) ROGOS E PREGUNTAS

Non hai asuntos

Concello de Silleda



DOCUMENTO ASINADO ELECTRÓNICAMENTE

Concello de Silleda

Rúa Progreso, 41, Silleda. 36540 (Pontevedra). Tfno. 986580000. Fax: 986581021